



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2022

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 23 de novembro de 2022.
2. Aprobar os Informes finais de avaliación do PAT do curso 2021-2022 do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía.
3. Aprobar os Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2021-2022.
4. Aprobar a listaxe provisional de propostas temáticas para o Traballo de fin de grao do curso académico 2022-2023 e delegar na Secretaria da Facultade a competencia para corrixir os erros materiais que se poidan detectar.
5. Reiterar novamente ás persoas titoras o acordo da Comisión Permanente do 16 de decembro de 2020 respecto á recomendación para que concreten co alumnado no título definitivo no Traballo de fin de grao os títulos provisorios das propostas temáticas que resulten excesivamente xenéricos ou amplos, que obriguen a realizar traballos demasiados descritivos.
6. Elevar a definitiva a listaxe provisional de propostas temáticas para o Traballo de Fin de Grao no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 20 de decembro de 2022, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 21 de decembro de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.